LUNS **9 MARZO** 2020 • ANO XIV - Nº 575 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia
1.Líder




# VITORIA CON ADN RACINGUISTA

**O Villalbés impúxose ao Lalín nun encontro con tintes de final na Liga Nacional.** Os de Cholas foron superiores en todos os aspectos do xogo e, ademais de sumar os tres puntos, recuperaron o average particular ante un rival directo. Os cadetes do club arrimaron o ombro animando dende a grada e facendo piña tralo gol da sentencia final no Roca



SELECCIÓNS GALEGAS

## A Sub 14 estará na Fase Final do Campionato Nacional

O seleccionador, David Páez, o preparador, físico Héctor Fernández, os xogadores do CD Lugo, Villa, Manu Ferreiro e Jose Rey, e o do Celta de Vigo, Moha, representan á Provincia na Selección Galega infantil que se clasificou por primeira vez para unha fase final desta competición

FÚTBOL PROVINCIAL



**O CD LUGO PREBENXAMÍN** é o rival a bater. Os de Rochela son o único equipo do fútbol base lucense que suma por vitorias todos os encontros disputados esta tempada

PRIMEIRA DIVISIÓN XUVENIL

**O POLVORÍN, NOVO LÍDER** tras impoñerse ao Xove Lago en Montirón. O Castro caeu ante a Sarriana e a Milagrosa, tras gañar ao Ribadeo, completa o podio do Provincial



## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Avilés – Conxo | 3–2 |
| CD Lugo – Bansander | 0–0 |
| RC Celta – R. Ferrol | 4–1 |
| TSK Roces – Val Miñor | 3–1 |
| Deportivo – R. Oviedo | 2–1 |
| R. Santander – Ural | 4–1 |
| Marina Sp. – Sp. Gijón | 0–6 |
| Calasanz – At. Perinés | 2–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 67 | 25 | 21 | 4 | 0 | 76 | 19 |
| SPORTING GIJÓN | 62 | 25 | 19 | 5 | 1 | 73 | 18 |
| RC DEPORTIVO | 45 | 25 | 13 | 6 | 6 | 41 | 25 |
| R SANTANDER | 44 | 25 | 13 | 5 | 7 | 53 | 38 |
| BANSANDER | 40 | 25 | 10 | 10 | 5 | 34 | 24 |
| REAL OVIEDO | 37 | 25 | 11 | 4 | 10 | 39 | 39 |
| ED VAL MIÑOR | 34 | 25 | 10 | 4 | 11 | 39 | 34 |
| CONXO SANTIAGO | 33 | 25 | 8 | 9 | 8 | 32 | 37 |
| TSK ROCES | 32 | 25 | 10 | 2 | 13 | 34 | 42 |
| **CD LUGO** | **30** | **25** | **8** | **6** | **11** | **33** | **37** |
| URAL CF | 30 | 25 | 8 | 6 | 11 | 32 | 41 |
| ATL PERINES | 30 | 25 | 8 | 6 | 11 | 23 | 40 |
| RACING FERROL | 24 | 25 | 6 | 6 | 13 | 25 | 40 |
| REAL AVILÉS CF | 20 | 25 | 5 | 5 | 15 | 18 | 49 |
| CD CALASANZ | 16 | 25 | 4 | 4 | 17 | 23 | 54 |
| MARINA SPORT | 13 | 25 | 3 | 4 | 18 | 19 | 57 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Ferrol – TSK Roces
Calasanz – Marina
R. Oviedo – CD Lugo
Val Miñor – Deportivo
Ural CF – Sp. Gijón
Bansander – R. Santander
Conxo – RC Celta
At. Perinés – R. Avilés

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| RC Villalbés – EF Lalín | 3–1 |
| Porriño – Choco | 0–3 |
| CD Areosa – O Val | 6–1 |
| Alondras – UD Ourense | 1–1 |
| RC Celta B – Victoria | 4–0 |
| Ourense CF – Pabellón | 2–2 |
| Val Miñor B – Pontevedra | 1–2 |
| Deportivo B – Valladares | 7–0 |
| CD Lugo B – R. Bouzas | 1–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 64 | 24 | 21 | 1 | 2 | 83 | 16 |
| DEPORTIVO "B" | 52 | 24 | 17 | 1 | 6 | 70 | 29 |
| PABELLON C.F. | 49 | 24 | 14 | 7 | 3 | 46 | 27 |
| C.D. CHOCO | 46 | 24 | 14 | 4 | 6 | 47 | 24 |
| C.D. AREOSA | 44 | 24 | 12 | 8 | 4 | 53 | 33 |
| PONTEVEDRA C.F. | 40 | 24 | 12 | 4 | 8 | 48 | 42 |
| RAPIDO BOUZAS | 40 | 24 | 11 | 7 | 6 | 40 | 32 |
| OURENSE C.F. | 37 | 24 | 10 | 7 | 7 | 45 | 31 |
| **C.D. LUGO "B"** | **36** | **24** | **11** | **3** | **10** | **34** | **40** |
| VICTORIA C.F. | 32 | 24 | 9 | 5 | 10 | 40 | 39 |
| ALONDRAS C.F. | 31 | 24 | 9 | 4 | 11 | 31 | 38 |
| VALLADARES | 25 | 24 | 7 | 4 | 13 | 32 | 55 |
| VAL MIÑOR "B" | 23 | 24 | 6 | 5 | 13 | 29 | 47 |
| U.D. OURENSE | 21 | 24 | 6 | 3 | 15 | 30 | 51 |
| **RC VILLALBES** | **20** | **24** | **4** | **8** | **12** | **32** | **51** |
| E.F. LALIN | 18 | 24 | 5 | 3 | 16 | 23 | 56 |
| S.D. O VAL | 16 | 24 | 4 | 4 | 16 | 25 | 64 |
| PORRIÑO C.F. | 12 | 24 | 2 | 6 | 16 | 20 | 53 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Bouzas – RC Villalbés
Victoria CF – Ourense CF
EF Lalín – Porriño
Pabellón – Val Miñor B
Choco – CD Areosa
Pontevedra – Deportivo B
O Val – Alondras
Valladares – CD Lugo B
UD Ourense – RC Celta B

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montañeros – Conxo B | 2–0 |
| Dumbría – Orillamar | 1–0 |
| Ural B – Estrada FB | 0–1 |
| As Pontes – Victoria B | 2–1 |
| Residencia – Calasanz B | 4–1 |
| R. Ferrol B – Viveiro CF | 1–1 |
| Compostela – Bergantiños | 0–1 |
| G. Caranza – Villalbés B | 5–2 |
| San Tirso – Boiro | 1–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. COMPOSTELA | 50 | 24 | 15 | 5 | 4 | 51 | 26 |
| MONTAÑEROS C.F. | 48 | 24 | 13 | 9 | 2 | 39 | 18 |
| BERGANTIÑOS | 45 | 24 | 13 | 6 | 5 | 47 | 21 |
| CALASANZ "B" | 43 | 24 | 14 | 1 | 9 | 48 | 44 |
| C.D. BOIRO | 42 | 24 | 12 | 6 | 6 | 44 | 26 |
| R. FERROL "B" | 40 | 24 | 12 | 4 | 8 | 43 | 36 |
| URAL C.F. "B" | 40 | 24 | 12 | 4 | 8 | 44 | 29 |
| SAN TIRSO S.D. | 39 | 24 | 12 | 3 | 9 | 53 | 37 |
| ESTRADA FB | 36 | 24 | 9 | 9 | 6 | 35 | 26 |
| C.F. DUMBRIA | 36 | 24 | 11 | 3 | 10 | 40 | 40 |
| C.D. CONXO "B" | 31 | 24 | 8 | 7 | 9 | 47 | 41 |
| G. CARANZA | 30 | 24 | 9 | 3 | 12 | 37 | 50 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **30** | **23** | **8** | **6** | **9** | **27** | **29** |
| **VIVEIRO C.F.** | **25** | **23** | **7** | **4** | **12** | **39** | **59** |
| C.D. AS PONTES | 25 | 24 | 7 | 4 | 13 | 38 | 54 |
| ORILLAMAR S.D. | 21 | 24 | 6 | 3 | 15 | 27 | 50 |
| **VILLALBES "B"** | **16** | **24** | **4** | **4** | **16** | **26** | **56** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 24 | 2 | 1 | 21 | 26 | 69 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Montañeros
Calasanz B – R. Ferrol B
Conxo B – Dumbría
Viveiro CF – Compostela
Orillamar – Ural B
Bergantiños – G. Caranza
Estrada – As Pontes
Villalbés B – San Tirso
Victoria B – Residencia

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| San Tirso – Arosa SC | 4–3 |
| Pontevedra – Conxo | 1–0 |
| Ural CF – Val Miñor | 0–1 |
| Bertamiráns – Victoria | 3–3 |
| Calasanz – Bergantiños | 1–1 |
| R. Ferrol – Pabellón | 0–0 |
| X. Oroso – AJ Lérez | 1–0 |
| Deportivo – RC Celta | 3–2 |
| CD Lugo – Coruxo | 0–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 70 | 24 | 23 | 1 | 0 | 98 | 11 |
| R.C. CELTA S.A.D. | 64 | 24 | 21 | 1 | 2 | 113 | 14 |
| **C.D. LUGO** | **42** | **24** | **13** | **3** | **8** | **35** | **36** |
| E.D. VAL MIÑOR | 41 | 24 | 12 | 5 | 7 | 37 | 32 |
| SAN TIRSO S.D. | 41 | 24 | 12 | 5 | 7 | 42 | 39 |
| URAL C.F. | 36 | 24 | 10 | 6 | 8 | 33 | 28 |
| C.D. CALASANZ | 34 | 23 | 9 | 7 | 7 | 33 | 31 |
| PONTEVEDRA C.F. | 33 | 24 | 8 | 9 | 7 | 31 | 30 |
| VICTORIA C.F. | 32 | 24 | 8 | 8 | 8 | 36 | 47 |
| C.D. CONXO | 31 | 24 | 7 | 10 | 7 | 30 | 39 |
| PABELLON C.F. | 30 | 24 | 8 | 6 | 10 | 27 | 32 |
| AROSA S.C. | 29 | 24 | 8 | 5 | 11 | 34 | 46 |
| RACING FERROL | 27 | 24 | 7 | 6 | 11 | 21 | 39 |
| CORUXO F.C. | 24 | 24 | 6 | 6 | 12 | 31 | 33 |
| E.D. XUV. OROSO | 22 | 24 | 5 | 7 | 12 | 29 | 42 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 18 | 24 | 2 | 12 | 10 | 24 | 47 |
| BERTAMIRANS C.F. | 12 | 24 | 3 | 3 | 18 | 20 | 78 |
| A.J. LEREZ | 7 | 23 | 1 | 4 | 18 | 10 | 60 |

### PRÓXIMA XORNADA

Coruxo – San Tirso
Bergantiños – R. Ferrol
Arosa SC – Pontevedra
Pabellón – X. Oroso
Conxo – Ural
AJ Lérez – Deportivo
Val Miñor – Bertamiráns
RC Celta – CD Lugo
Victoria – Calasanz

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montañeros – Conxo B | 3–1 |
| R. Ferrol B – Deportivo B | 2–3 |
| Ural B – Estrada | 1–0 |
| Bergantiños B – CD Lugo B | 1–2 |
| Milagrosa – Calasanz B | 0–1 |
| Imperator – Viveiro CF | 4–2 |
| Compostela – Dumbría | 2–1 |
| G. Caranza – RC Villalbés | 3–1 |
| San Tirso B – Boiro | 5–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO "B" | 61 | 24 | 19 | 4 | 1 | 82 | 23 |
| S.D. COMPOSTELA | 55 | 24 | 17 | 4 | 3 | 48 | 20 |
| MONTAÑEROS C.F. | 53 | 24 | 16 | 5 | 3 | 57 | 15 |
| E.F.M. BOIRO | 50 | 24 | 15 | 5 | 4 | 56 | 23 |
| IMPERATOR O.A.R. | 45 | 24 | 14 | 3 | 7 | 36 | 33 |
| GALICIA CARANZA | 39 | 24 | 12 | 3 | 9 | 46 | 33 |
| URAL C.F. "B" | 38 | 24 | 11 | 5 | 8 | 50 | 30 |
| SAN TIRSO "B" | 37 | 24 | 11 | 4 | 9 | 42 | 37 |
| **C.D. LUGO "B"** | **35** | **24** | **10** | **5** | **9** | **42** | **33** |
| **MILAGROSA** | **30** | **23** | **8** | **6** | **9** | **23** | **26** |
| C.D. CONXO "B" | 25 | 24 | 7 | 4 | 13 | 35 | 43 |
| CALASANZ "B" | 24 | 24 | 6 | 6 | 12 | 30 | 45 |
| C.F. DUMBRIA | 23 | 24 | 7 | 2 | 15 | 32 | 54 |
| R. FERROL "B" | 21 | 24 | 5 | 6 | 13 | 27 | 60 |
| **RC VILLALBES** | **19** | **24** | **4** | **7** | **13** | **21** | **46** |
| BERGANTIÑOS "B" | 18 | 24 | 4 | 6 | 14 | 30 | 50 |
| ESTRADA FB | 15 | 24 | 3 | 6 | 15 | 25 | 56 |
| **VIVEIRO C.F.** | **15** | **23** | **4** | **3** | **16** | **20** | **75** |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Montañeros
Calasanz B – Imperator
Conxo B – R. Ferrol B
Viveiro – Compostela
Deportivo B – Ural B
Dumbría – G. Caranza
Estrada – Bergantiños B
RC Villalbés – San Tirso B
CD Lugo B – Milagrosa

## INFANTIL CTO. GALEGO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Pabellón – Pontevedra | 1–0 |
| Deportivo – Ural | 6–0 |
| Bertamiráns – CD Areosa | 0–2 |
| Sta. Mariña – EF Portero | 0–0 |
| Val Miñor – CD Lugo | 0–3 |
| Calasanz – X. Oroso | 3–3 |
| RC Celta – Conxo | 3–0 |
| Arosa SC – Victoria | 2–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 21 | 7 | 7 | 0 | 0 | 38 | 3 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 21 | 7 | 7 | 0 | 0 | 37 | 5 |
| C.D. AREOSA | 16 | 7 | 5 | 1 | 1 | 21 | 9 |
| VICTORIA F.C. | 14 | 7 | 4 | 2 | 1 | 16 | 13 |
| **C.D. LUGO** | **13** | **7** | **4** | **1** | **2** | **18** | **14** |
| BERTAMIRANS | 12 | 7 | 4 | 0 | 3 | 11 | 8 |
| C.D. CONXO | 9 | 7 | 3 | 0 | 4 | 12 | 13 |
| C.D. CALASANZ | 9 | 7 | 2 | 3 | 2 | 14 | 17 |
| E.D. XUV. OROSO | 8 | 7 | 2 | 2 | 3 | 18 | 16 |
| PABELLON C.F. | 7 | 7 | 2 | 1 | 4 | 8 | 11 |
| E.D. VAL MIÑOR | 7 | 7 | 2 | 1 | 4 | 8 | 18 |
| SANTA MARIÑA | 6 | 7 | 1 | 3 | 3 | 3 | 13 |
| URAL C.F. | 5 | 7 | 1 | 2 | 4 | 11 | 26 |
| E.F. PORTERO | 4 | 7 | 1 | 1 | 5 | 9 | 25 |
| PONTEVEDRA C.F. | 4 | 7 | 1 | 1 | 5 | 5 | 21 |
| AROSA S.C. | 3 | 7 | 1 | 0 | 6 | 9 | 26 |

### PRÓXIMA XORNADA

Pontevedra – Arosa SC
CD Lugo – Sta. Mariña
Ural CF – Pabellón
Xuv. Oroso – Val Miñor
CD Areosa – Deportivo
Conxo – Calasanz
EF Portero – Bertamiráns
Victoria – RC Celta

## INFANTIL Fase descenso G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Montañeros – Salvora | 2–0 |
| EF Lalín – R. Ferrol | 3–3 |
| Narón – SD Viveiro | 2–2 |
| Bergantiños – G. Caranza | 2–0 |
| San Tirso – Victoria | 2–5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RACING FERROL | 26 | 7 | 4 | 2 | 1 | 16 | 8 |
| VICTORIA C.F. | 22 | 7 | 5 | 1 | 1 | 27 | 9 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 22 | 7 | 4 | 2 | 1 | 19 | 10 |
| MONTAÑEROS C.F. | 21 | 7 | 3 | 2 | 2 | 11 | 10 |
| S.D.C.Y R. NARÓN | 20 | 7 | 3 | 2 | 2 | 19 | 11 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **17** | **7** | **2** | **3** | **2** | **9** | **16** |
| SAN TIRSO S.D. | 15 | 7 | 2 | 2 | 3 | 13 | 16 |
| E.F. LALIN | 15 | 7 | 2 | 2 | 3 | 16 | 20 |
| GALICIA CARANZA | 15 | 7 | 1 | 1 | 5 | 6 | 13 |
| SALVORA, C.F. | 3 | 7 | 0 | 1 | 6 | 5 | 28 |

### PRÓXIMA XORNADA

San Tirso – Salvora
G. Caranza – Narón
R. Ferrol – Montañeros
Victoria – Bergantiños
SD Viveiro – EF Lalín







Xabi Domínguez, dos máis incisivos ao longo do encontro en ataque, loitando polo balón entre dous xogadores do Bansander e baixo a mirada de Óscar e Luis

# Mantense o goteo de puntos do Lugo

**QUINTA XORNADA CONSECUTIVA SUMANDO** tralo empate ante o Bansander co que se amplía a marxe co descenso




**Árbitro:** Jesús López Fernández, Alberto Blanco e Ángel Rodríguez **Campo:** A Cheda

O Club Deportivo Lugo puntuou na División de Honra xuvenil por quinta xornada consecutiva e xa conta con seis puntos de vantaxe sobre os postos de descenso que segue marcando o Rácing de Ferrol unha xornada máis tras perder nesta na Madroa ante un Celta de Vigo que segue firme no máis alto da clasificación.

O cero a cero inicial mantívose ao longo dos noventa minutos nos que os dous equipos tiveron algunha ocasión clara pero o reparto de puntos final semella o máis xusto tralo encontro disputado por Lugo e Bansander na Cheda.

Os visitantes, cunha vitoria, volverían a Cantabria por diante do Rácing de Santander no cuarto posto da clasificación e co Deportivo a tiro de pedra, o que é un claro reflexo do potencial co que contan e da gran tempada que están realizando. Con todo, en fronte tiñan a un dos equipos máis en forma da competición como é o Lugo.

Bruno Rodríguez deulle continuidade ao 5-4-1 que varia ao longo dos encontros dependendo das necesidades do equipo.

De inicio o Lugo intentou presionar en campo rival, pero o Bansander conseguía sacar limpo o balón polo que a primeira liña de presión formada por Óscar retrasouse a mediocampo.

Os cántabros tiveron posesión, pero apenas inquietaron a Losada ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos, mentres que o Lugo na primeira parte xerou sensación de perigo en rápidas transicións por banda esquerda con Xabi Domínguez, que ata tivo un remate e unha contra na que non elixiu a mellor opción para poder inaugurar o marcador.

Tamén Gabarre, cunha chegada ata a liña de fondo, puxo en dúbida o cero a cero co que se chegou ao descanso.

O Bansander saíu con máis intensidade na segunda parte, na que meteu ao Lugo no seu campo no cuarto de hora inicial con accións a balón parado e centros laterais cos que puxo o balón na área lucense pero sen remates claros.

Co paso dos minutos o partido foise rompendo un pouco e con iso chegaron as ocasións máis claras. Óscar, con dous remates, estivo preto do un a cero. No primeiro atopouse coa parada do porteiro visitante tras centro de Gabarre, e no segundo, tras centro de Xabi, o seu remate non atopou portería.

Cos cambios Bruno Rodríguez variou o debuxo, pasando a un 4-4-2 co que intentou adiantar a primeira liña de presión, chegando deste xeito a ocasión máis clara do encontro para o Lugo cunha contra en superioridade numérica na que se lle escapou o control final a Gabarre.

Pola súa banda o Bansander tamén dispuxo dunha chegada moi clara na que a defensa do Lugo sacou o balón sobre a liña de gol tras unha boa intervención de Losada.

Ao final, cero a cero xusto na Cheda co que o Lugo mantén o goteo de puntos constante nos últimos cinco encontros.

**Próxima xornada**

O Lugo viaxa a Asturias para medirse en Requeixón co Real Oviedo en busca de tres puntos que o afasten aínda máis dos postos de perigo dun descenso que cada vez se ve máis lonxe.

**11**

**PUNTOS** dos últimos 15 en xogo sumou o Lugo cando as cousas peor pintaban na División de Honra xuvenil tras impoñerse ao Marina Sport, Spórting Gijón e Ural e empatar co Rácing de Santander e Bansander

**6**

**PUNTOS** sobre o descenso. Tralo empate ante o Bansander e a derrota do Rácing de Ferrol na Madroa, o Lugo, que aínda ten un duelo directo cos ferroláns, ten dous partidos de marxe sobre o descenso

**5**

**PARTIDOS** para o remate da División de Honra xuvenil, nos que o Lugo medirase co Real Oviedo, Val Miñor, Rácing de Ferrol, Conxo Santiago e Perinés


Yago Fernández a piques de roubarlle o balón a un rival


David Guitián presionando a un defensa do Bansander


Gabarre saíndo co balón controlado ante Damián


Luis desbordando a un xogador rival nun lance por banda


Rares tras regatear a dous xogadores pola banda esquerda


Anxo impoñéndose nun balón dividido en mediocampo


Martín a piques de encarar ao porteiro do Lalín

# Este Villalbés é de Nacional

**COA INTENSIDADE POR BANDEIRA** os de Cholas impuxéronse ao Lalín e recuperaron o golaverage particular. O Rácing xa mete a tres equipos por debaixo na táboa e o Ourense está no punto de mira

| RC VILLALBÉS | 3 | 1 | EF LALÍN |
|---|---|---|---|
| **Goles:** David, López e Buján | | | **Goles:** Eloy |




**Árbitro:** David Jimenez Jimenez, Ángel Ron e Manuel Martínez **Campo:** Estadio Roca

O Rácing Villalbés gañou unha nova final pola permanencia na Liga Nacional xuvenil. Os de Cholas recibiron ao Lalín, que empezou a xornada cun punto máis que os chairegos, pero terminaron terceiros pola cola superados polo Rácing en dous puntos máis o golaverage particular para o Villalbés.

> **"RESULTADO JUSTO EN UN PARTIDO EN EL QUE HEMOS SIDO MUY SUPERIORES AL RIVAL"**
> CHOLAS - RC Villalbés

Cando peor pintan as cousas o idilio entre o Roca e o Rácing sae a flote. As ausencias de Anido e Nico, ademais da volta entre algodóns de David tras semanas lesionado, marcaban o once inicial dun Villalbés que saltou ao campo disposto a comerse ao seu rival, e así foi.

Desde os primeiros minutos a presión alta do Rácing asfixiou a un Lalín que apenas podía achicar balóns da súa área tras varios centros e saques de esquina que atopaban rematador, pero non portería.

O asedio terminou en derruba aos vinte minutos co un a cero que subiu ao marcador López, cun remate no segundo pau á saída dun novo saque de esquina.

O Lalín, tocado e a piques de afundirse, sacou a cabeza da auga nunha acción illada na que se atopou cun penalti a favor tras un dos poucos erros defensivos dos chairegos ao longo do encontro.

| OS MELLORES | |
|---|---|
| **RC VILLALBÉS** | |
| ANXO | 3 |
| RARES | 2 |
| MARCO | 1 |

Pero antes do descanso, David conectou un remate que, tras pegar nun defensa, coouse na portería para poñer o dous a un ao final dos primeiros corenta e cinco minutos.

O Villalbés recuperou osíxeno no descanso e saltou ao campo na segunda parte como o fixo ao principio do encontro, coa intensidade por bandeira borrou ao Lalín do campo.

Anxo tirou de galóns e apropiouse do centro do campo, e Rares foi a punta de lanza desequilibrante en ataque. Tan só faltaba o gol da sentenza e este chegou cun remate de cabeza de Buján.

A partir de aí, o Lalín, desesperado, quedouse con dez por unha entrada de frustración que sufriu Gabri, e o Rácing Villalbés quedouse cos tres puntos e o golaverage particular ante un Lalín ao que supera na clasificación.

# Reparto de puntos tras un intenso intercambio de golpes

**30**

**MINUTOS** de gran fútbol do Lugo B ao inicio da segunda parte, nos que os de Brais Prados superaron a un Bouzas que saiu con vida da Cheda


Rey medíndose cun xogador rival pola banda esquerda


Manu anticipándose a un xogador do Rápido de Bouzas

**LUGO B E RÁPIDO DE BOUZAS** asinaron táboas nun partido con emoción de principio a fin

| CD LUGO B | 1 | 1 | RÁPIDO DE BOUZAS |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Juan Carlos | | | **Gol:** Jorge |




**Árbitro:** Gabriel Polo, Susana Gueimonde e Brenda Lence **Campo:** A Cheda

Xusto empate ao final dos noventa minutos entre Lugo B e Rápido de Bouzas, dous equipos da zona alta da clasificación que exhibiron potencial na Cheda.

A igualdade marcou o tramo inicial do encontro no que os visitantes amagaron co cero a un cun perigoso disparo desde fóra da área que non atopou portería por moi pouco. A réplica lucense non se fixo de rogar e, tras un córner, Herrero montou unha contra levando o balón ata o borde da área, desde onde asistiu para que Juan Carlos, cun certeiro remate, inaugurase o marcador co seu terceiro gol da tempada no seu terceiro encontro como titular.

Lonxe de acusar o un a cero, o Rápido de Bouzas continuou a un nivel moi alto, cunha boa presión que incomodou ao Lugo B ao longo de toda a primeira parte na que os visitantes conseguiron empatar de novo o marcador tras un roubo na saída de balón do Lugo B ao fío do descanso.

Nos vestiarios Brais Prados conseguiu variar o rumbo do encontro, retocou o equipo e o Lugo B asinou unha primeira media hora da segunda parte moi boa na que se fixo co control do xogo, tivo boa circulación de balón en campo rival e ocasións para poder adiantarse de novo no marcador, sendo as máis claras un disparo desde dentro da área e un man a man de Leandro para facer o dous a un.

O Rápido de Bouzas saiu con vida dos seus peores minutos e chegou máis fresco á recta final do encontro, na que buscou o un a dous tendo a súa mellor ocasión cun remate ao largueiro, e na última xogada, cando o Lugo buscaba os tres puntos, o Bouzas tivo unha contra de tres contra un na que Asier sacou o balón sobre a liña de gol nun vibrante final do encontro.

**Próxima xornada**

O Lugo B visita a un Valladares inmerso na loita pola permanencia, polo que en Vigo terá un ollo posto tamén o Rácing Villalbés.

# Na Cheda ningúen se atreve a tusirlle a esta Residencia

## 6 VITORIAS CONSECUTIVAS DOS BRANQUIAZUIS, invictos no 2020 na casa

| SDC RESIDENCIA | 4 | 1 | CALASANZ B |
|---|---|---|---|
| Goles: Santi, Fonseca e Conde (2) | | | Gol: Brais. |




**Árbitro:** Marco Antonio Fernández, Alejandro Luna e José Luis Cabanas **Campo:** A Cheda

**18 PUNTOS** de 18 posibles leva a Residencia nos últimos seis encontros na casa tras impoñerse a As Pontes, Rácing de Ferrol B, Compostela, San Tirso, Bergantiños e Calasanz B



Sergio Daniel protexendo o balón dentro da área do Calasanz



De la Iglesia anticipándose a un xogador herculino na Cheda

### "A PERMANENCIA PARA NÓS PASA POR ESTAR ASÍ DE BEN NOS PARTIDOS QUE DISPUTAMOS NA CHEDA"

**ADRIÁN VÁZQUEZ** - SDC Residencia

A Residencia e A Cheda manteñen o seu idilio na Liga Galega xuvenil, onde os de Adrián Vázquez suman pleno de puntos nos últimos seis encontros disputados como locais. A súa última vítima foi o Calasanz B.

O partido non empezou da mellor forma posible xa que no quencemento lesionouse Roi, ocupando o seu lugar no once inicial Santi, que debutaba como titular, e fixoo asinando un gol e sendo dos mellores xogadores sobre o terreo de xogo.

Unha vez que comezou a rodar o balón a Residencia, cunha efectiva presión en campo rival, roubou moitos balóns e mantivo un goteo constante de ocasións.

**OS MELLORES**

| SDC RESIDENCIA | |
|---|---|
| DE LA IGLESIA | ●●● |
| CONDE | ●● |
| SANTI | ● |

O un a cero fíxose de rogar pero chegou no ecuador da primeira parte, tras un roubo e disparo a porta de Santi que rexeitou o porteiro e Fonseca, coa cana preparada, enviou o balón ao fondo das mallas ao aproveitar o rexeite.

Sen síntomas de reacción por parte do Calasanz B, a Residencia puxo terra polo medio no marcador co dous a cero antes do descanso tras un balón ao espazo de Adri que culminou Conde.

Ao comezo da segunda parte o Calasanz B arriscou para volver meterse no partido e recortou distancias. Tralo dous a un chegaron momentos de dúbida ata que unha gran xogada de Santi e Conde terminou en penalti que transformou Santi, poñendo fin á resistencia rival antes de que Conde pechase o marcador co catro a un final.

# O Villalbés B caeu vítima dos seus propios erros

## O CADETE MIGUEL debutou na Liga Galega xuvenil asinando un golazo

| G. CARANZA | 5 | 2 | R. VILLALBÉS B |
|---|---|---|---|
| Goles: Pedro, Elías (2) e Ignacio. | | | Goles: Miguel Yánes e Miguel Rivas |




**Árbitro:** Adrián González, Javier López e Eduardo Mora

### "TEMOS QUE MELLORAR EN ASPECTOS DE CONCENTRACIÓN E SABER QUE OS PARTIDOS DURAN NOVENTA MINUTOS"

**IVÁN LAMAS** - RC Villalbés B

O Rácing Villalbés B deixouse os tres puntos en xogo en Ferrol tras caer por un avultado cinco a dous co Galicia Caranza. Un resultado final excesivo pero propiciado por erros propios dos chairegos cando loitaban por puntuar na segunda parte.

**OS MELLORES**

| R. VILLALBÉS B | |
|---|---|
| MIGUEL Y. | ●●● |
| MIGUEL R. | ●● |
| GESTO | ● |

Ata entón os ferroláns empezaran mellor o partido e aos nove minutos adiantáronse no marcador cun gol de falta directa. Aos poucos o Rácing B foi recuperando o pulso e igualou forzas no campo e no marcador, co empate a un que asinou Miguel Yanes ao transformar un penalti. Co Villalbés B metido de cheo no partido, chegou o dous a un ao bordo do descanso tras un saque de esquina que puideron evitar os de Iván Lamas.

Nada máis empezar a segunda parte os locais ampliaron a diferenza co tres a un no primeiro minuto, pero o cadete Miguel Rivas, que debutaba na Liga Galega xuvenil, recortou distancias cun golazo desde fóra da área ao poñer o balón na escuadra.

Media hora por diante e o Rácing na loita polos puntos, pero cando mellor estaban, dous erros de vulto de concentración dilapidaron as súas opcións de puntuar. con dous goles do Galicia Caranza.

# Punto que sabe a pouco en Ferrol

## O VIVEIRO foi penalizado nas xogadas polémicas do encontro

| R. FERROL B | 1 | 1 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Gol: Pablo | | | Gol: Trasi. |




**Árbitro:** Martín Zakaryan, David Sierra e Borja Landro.



Diego Fernández a piques de controlar un balón solto no Marcos Gómez

### "SUMAMOS UN PUNTO, PERO BIEN PUDIERON SER LOS TRES EN JUEGO"

**ANTONIO SERRANO** - Viveiro CF

Sumar un punto a domicilio ante o sexto clasificado case sempre sería sinónimo de ben recibido, pero o Viveiro saíu da Gándara coa sensación de deixarse dous puntos máis que gañar un.

As decisións polémicas do encontro favoreceron aos ferroláns nun partido no que os de Antonio Serrano foron de menos a máis.

Nos primeiros minutos sufriron coa presión alta do Ferrol B, pero co paso dos minutos, tras asentarse no campo e superar a primeira liña de presión, conseguiron xerar perigo en campo rival con balón e en accións de falta lateral nas que Juan e Iván estiveron preto de inaugurar o marcador.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| TRASI | ●●● |
| ALBERT | ●● |
| IVÁN | ● |

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, pero con boas sensacións, intentando que o ritmo de xogo non fose alto pola falta de rotacións do Viveiro.

Nada máis empezar a segunda parte a polémica fixo acto de presenza no un a cero do Ferrol B, xa tras despexar o balón Iván, o balón pegou na man dun dianteiro local quedando ademais en situación de fóra de xogo para o un a cero. Pouco despois, outra man, nesta ocasión dun defensa ferrolán, evitou o un a un nun partido con moita polémica neste tipo de accións..

A insistencia do Viveiro tivo premio cun golazo de Trasi desde fóra da área, e na recta final os celestes souberon sufrir para manter o punto ante un rival que chegou máis fresco aos últimos minutos.


Hugo Díaz co balón en medio campo ante un rival



Alejandro presionando a un dianteiro do Coruxo


Alesito chegando a presionar a un xogador rival

# O gol resistíuselle ao Lugo

**OS DE DANI GALÁN MERECERON O PREMIO POR OCASIÓNS,** pero o Coruxo aguantou o cero a cero inicial e levouse un punto. Os albivermellos seguen terceiros na División de Honra

CD LUGO **0 0** CORUXO




**Árbitro:** Álvaro Valín, Carlos Casas e Juan Luis Fernández **Campo:** A Cheda

Reparto de puntos entre Lugo e Coruxo nun partido de ida e volta con ocasións máis claras para os locais.

Dani Galán tivo que improvisar once ante as ausencias. Nodar e Freire, habituais no lateral dereito, foron baixa por sanción e Selección Galega respectivamente, mentres que Alejandro volveu a un once do que se caeu por lesión Luís.

Desde os primeiros minutos o Lugo mantivo un goteo constante de chegadas, pero sen pegada nos metros finais. Aos tres de xogo Borja atopouse cunha gran intervención do porteiro visitante e por medio de Jorge, moi incisivo por banda, a sensación de perigo foi unha constante ao longo da primeira parte.

**2**

**AUSENCIAS POLA SELECCIÓN**
Freire, coa Sub 16, e Manu Ferreiro, coa Sub 14, estiveron disputando o campionato Nacional e foron baixa esta xornada

A segunda parte empezou co mesmo guión, de novo nada máis empezar o porteiro do Coruxo evitou o un a cero de Borja tras pase de Jorge, que tamén buscou o gol na segunda parte con disparos desde fóra da área.

O Coruxo mantíñase con vida no marcador, pero en ataque apenas inquietou a Marcos ao longo dos oitenta minutos de xogo.

O Lugo insistiu ata o final, pero o premio do gol non chegou pese a merecelo. O porteiro visitante gañoulle a partida a Gabri nun man a man e a última tívoa Jorge, cunha internada ata a liña de fondo que despexou un defensa do Coruxo para celebrar o empate ante o terceiro clasificado.


Xoel Irimia iniciando unha contra por banda esquerda

# O Viveiro soñou cos puntos antes de caer na Grela

**1-2 NA SEGUNDA PARTE** tralos goles do infantil Adri Díaz e de Adrián. Despois, apagón e tres goles do Imperátor

IMPERATOR **4** – **2** VIVEIRO CF

**Goles:** Joel (2), Jairo e Jorge — **Goles:** Adri Díaz e Adrián.




**Árbitro:** Dani Fraga, Mario Balsa e Álvaro Núñez

O Viveiro soñou durante a segunda parte cos tres puntos na Grela ante o Imperátor, sobre todo tras remontar o un a cero co que se chegou ao descanso cos goles do infantil Adri Díaz e Adrián.

Ata entón as sensacións foran boas nos primeiros minutos, nos que Adrián e Joao amagaron co un a cero.

**"MIENTRAS HAYA VIDA HAY ESPERANZA. NOS QUEDAN DIEZ FINALES PARA IR A MUERTE EN CADA PARTIDO Y CONSEGUIR LA PERMANENCIA"**
SERGIO I. - Viveiro CF

**4**

**INFANTILES** xogaron na Grela. Rafa e Adri Díaz, coma titulares, este último asinando o primeiro gol celeste, mentres que Samuel e Xoel Ferro tamén dispuxeron de minutos no encontro

No once inicial destacaba a presenza de dous xogadores en idade infantil, Rafa e Adri Díaz, e a ausencia de Lucas.

Sen pasar por apuros defensivos o Impérator aproveitou un dos poucos erros defensivos do Viveiro na primeira parte para inaugurar o marcador, e antes do descanso os problemas creceron coa lesión de Hugo.

Nos vestuarios o Viveiro recuperou forzas e saltou ao campo na segunda parte coa mesma intensidade que na primeira metade, co engadido da pegada nos metros finais. Adri Díaz fixo o un a un tras unha acción individual e acto seguido Adrián fixo o un a dous poñendo o balón na escuadra.

Con pouco máis de vinte minutos por diante e con vantaxe no marcador, o Viveiro tiña na súa man a primeira vitoria do curso a domicilio, pero o Imperátor tirou de pegada unha vez máis e aproveitou dúas concesións defensivas para darlle a volta ao marcador e sentenciar o partido na recta final do encontro co catro a dous definitivo.

# As accións a balón parado castigaron ao Rácing en Ferrol

**3-1 AO DESCANSO,** mentres que na segunda parte a melloría do Villalbés non se viu reflectida no marcador final

G. CARANZA **3** – **1** RC VILLALBÉS

**Goles:** Mathias (2) e Hugo — **Goles:** Anxo




**Árbitro:** Daniel Barrera, Xoana Crespo e Jose Manso.

O Rácing Villalbés non puido puntuar en Ferrol ante un Galicia Caranza que aproveitou o seu poderío físico para desnivelar o marcador ao seu favor na primeira parte con dous goles tras senllas accións a balón parado.

A formulación inicial de Jandro Novoa veuse abaixo moi pronto, xa que o un a cero chegou aos cinco minutos de xogo tras un saque de esquina. Ao Rácing custoulle asentarse no terreo de xogo pero aos poucos foi gañando sensacións e no ecuador da primeira parte chegou

**"FUE UNA PENA QUE LOS ERRORES DE LA PRIMERA PARTE CONDICIONARAN EL ENCUENTRO EN LA SEGUNDA"**
JANDRO NOVOA - Villalbés

**1**

**EXPULSIÓN**
Se neste encontro Jandro Novoa non puido contar con Migui por sanción, Carlos perderase o próximo encontro ante ante o San Tirso B tras velo cartón vermello no treito final en Ferrol

o premio do empate tras un pase de Martín no que deixou só no man a man a Anxo co porteiro ferrolán, e o nove chairego devolveu as táboas ao marcador.

Co Villalbés de novo na loita pola vitoria, o Galicia Caranza volveu pegar e nesta ocasión por partida dobre deixando o encontro practicamente visto para sentenza con dous goles en apenas tres minutos. O dous a un, de novo tras un saque de esquina e o tres a un cun despexe da zaga local que terminou nunha contra letal.

No descanso Jandro Novoa suscitou unha defensa de tres e dous puntas para buscar a remontada, pero o tres a dous que os metería no partido non chegou e a falta de dez minutos, coa expulsión de Carlos, o encontro terminouse para os chairegos, que na próxima xornada reciben ao San Tirso no Roca.



Gael regateando a un rival nun lance do xogo en Frigsa

# Borrón da Milagrosa e aire para o Calasanz B

**PARTIDO GRIS DOS DE MADRILES** ante un rival que, con tres vitorias seguidas, fuxe dos postos de descenso




**Árbitro:** Francisco Ibáñez, Brenda Lence e Susana Gueimonde **Campo:** Luis López Gorgoso

**"POSIBLEMENTE NUESTRO PEOR PARTIDO DE LA TEMPORADA, POR LO QUE LA DERROTA ES MERECIDA EN ESTE ENCUENTRO. QUEDA MUCHA LIGA AÚN POR DELANTE Y HAY QUE SEGUIR TRABAJANDO"** MADRILES - SCD Milagrosa

A Milagrosa acusou o parón de case un mes sen competir ante un Calasanz B enchufado e que vive o seu mellor momento da tempada ao encadear tres vitorias consecutivas coas que sala practicamente por primeira vez na tempada dos postos de descenso.

En Frigsa, na primeira parte, apenas houbo chegadas con perigo ás áreas pero a sensación era de que o Calasanz B tiña o partido controlado, con máis posesión de balón ante unha Milagrosa que axustaba mal e chegaba tarde á presión, polo que tiña que defender en campo propio.

Os herculinos, pese a ter o mando do partido, non tiveron profundidade polo que non dispuxeron de ocasións ao longo da primeira parte. Pola súa banda a Milagrosa estivo moi preto do un a cero cunha ocasión de Diego Cabarcos na que o balón non quixo entrar cando xa se cantaba o gol en Frigsa.

Esperábase unha reacción da Milagrosa tralo paso polos vestiarios e esta chegou. Desde os primeiros minutos da segunda parte os lucenses meteron ao Calasanz B no seu campo con fútbol directo e empuxe, pero deixaron espazos ás costas da defensa que os herculinos non tardaron en aproveitar.

Á hora de xogo chegou o cero a un e a partir de aí, con vinte minutos por diante, a Milagrosa tivo que remar contracorrente en busca do empate.

Brais tivo a ocasión máis clara cun remate que sacou o porteiro rival coa cabeza. Os de Madriles insistiron ata o asubío final en busca do empate con fútbol directo e con máis corazón que cabeza, sen atopar o premio do gol ante un Calasanz B que saíu moi reforzado de Frigsa.

**Próxima xornada**

A Milagrosa visita ao Lugo B nas Gándaras en busca de tres puntos para evitar males maiores na recta final dunha tempada na que o descenso está mais preto que o play off de ascenso.



Brais impoñéndose a un dianteiro do Calasanz B



Leo anticipándose nun balón dividido en mediocampo

# Buide púxose en modo nove e sentenciou ao Bergantiños

**O DEFENSA CENTRAL ASINOU OS DOUS GOLES** cos que o Lugo B se levou os tres puntos de Carballo para ledicia tamén de Rácing Villalbés e Viveiro

**5**

**GOLES DE BUIDE** esta tempada, que segue demostrando ano tras ano que é un defensa con alma de dianteiro. Nas Eiroas asinou os dous goles do Lugo B

**1**

**INFANTIL**

Antón Méndez volveu a citar a Xabi Iriarte, que disputou o seu terceiro encontro na Liga Galega cadete esta tempada



Buide, autor dos dous goles, sacando o balón controlado




**Árbitro:** Alberto Baña, Daniel Martínez e María Leal **Campo:** As Eiroas, Carballo

Dous goles de Buide puxeron fin á resistencia dun Bergantiños B inmerso na loita pola permanencia, mesmo obxectivo que buscan Rácing Villalbés e Viveiro na Liga Galega cadete, polo que o dous a un final celebrouse por partida triple.

As reducidas dimensións do terreo de xogo das Eiroas marcaban o encontro de inicio, polo que Antón Méndez variou o sistema de xogo habitual pasando a un 4-4-2 con Pérez e Ayman en punta.

Conscientes de que as accións a balón parado e o fútbol directo tería moito protagonismo, o Lugo B púxose o mono de traballo desde o inicio e o cero a un chegou moi pronto, aos cinco minutos tras un saque de esquina no que Buide enviou o balón ao fondo das mallas cun certeiro remate cruzado.

Pese á vantaxe no marcador o Lugo B sufriu, sobre todo na media hora inicial, pero mantívose firme ante o fútbol directo dos locais e co paso dos minutos a presión do Bergantiños foi diminuíndo e con iso o Lugo B empezou a ter máis protagonismo con balón, chegando ao descanso coa situación baixo control.

Tralo intermedio esperábase unha nova posta en escena moi intensa do Bergantiños e os presaxios cumpríronse ademais de empatar os locais moi pronto cunha contra.

Lonxe de virse abaixo o Lugo B tomou as rendas do partido e meteu o medo no corpo aos locais con ocasións de Ayman e Antón antes de que Buide volvese acudir á súa cita co gol para, de novo tras un saque de esquina, facer o dous a un.

Con menos de media hora por diante o Lugo B ordenouse, tirou de solvencia defensiva e os cambios déronlle o osíxeno necesario aos de Antón Méndez para manter a vantaxe no marcador ata o asubío final do colexiado.

**Derbi capitalino**

O Lugo B recibirá a próxima xornada á Milagrosa nas Gándaras, nun derbi capitalino entre os dous mellores equipos da Provincia esta tempada na Liga Galega cadete.

O partido de ida no Luís López Gorgoso terminou con empate a un tras adiantarse a Milagrosa e empatar na recta final Antón para os albivermello.




# CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

## Trofeo Jorge Tato — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| GABARRE | CD Lugo | 11 |
| DAVID | RC Villalbés | 10 |
| XOEL EIJO | Viveiro C.F | 10 |
| DIEGO | Viveiro C.F | 9 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 6 |
| ÓSCAR | CD Lugo | 6 |
| BRIAN | CD Lugo B | 6 |
| LEANDRO | CD lugo B | 6 |
| GABRI | RC Villalbés B | 6 |
| CONDE | Residencia | 6 |
| BUJÁN | RC Villalbés B | 5 |
| MIGUEL | RC Villalbés B | 5 |
| FONSECA | Residencia | 5 |
| MANU | CD Lugo B | 4 |
| I. GESTO | RC Villalbés B | 4 |
| JORGE | Viveiro C.F | 4 |
| MATEO | CD Lugo B | 3 |
| PÉREZ | CD Lugo B | 3 |
| J. CARLOS | CD Lugo B | 3 |
| GABRI | RC Villalbés | 3 |
| DANI | Residencia | 3 |
| JUAN | Viveiro C.F | 3 |
| NOEL | Viveiro C.F | 3 |
| VILA | CD Lugo | 2 |
| FIDALGO | CD Lugo | 2 |
| SAMU | CD Lugo B | 2 |
| ROSÓN | CD Lugo B | 2 |
| SPEEDY | RC Villalbés | 2 |
| NICO | RC Villalbés | 2 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 2 |
| LÓPEZ | RC Villalbés B | 2 |
| YAGO | Residencia | 2 |
| BORJA | Residencia | 2 |
| ROI | Residencia | 2 |
| IVÁN | Viveiro C.F | 2 |
| TRASI | Viveiro C.F | 2 |
| YAGO | CD Lugo | 1 |
| MARTÍN | CD Lugo | 1 |
| DAMIÁN | CD Lugo | 1 |
| GÓMEZ | CD Lugo | 1 |
| XABI D. | CD Lugo | 1 |
| GUITIÁN | CD Lugo | 1 |
| ERNESTO | CD Lugo | 1 |
| ELOY | CD Lugo | 1 |
| JAVI | CD Lugo B | 1 |
| RODRIGO | CD Lugo B | 1 |
| ASIER | CD Lugo B | 1 |
| HERRERO | CD Lugo B | 1 |
| CASTRÍN | CD Lugo B | 1 |
| MARÍN | RC Villalbés | 1 |
| ABEL | RC Villalbés | 1 |
| ANIDO | RC Villalbés | 1 |
| XAIRO | RC Villalbés | 1 |
| LÓPEZ | RC Villalbés | 1 |
| RARES | RC Villalbés | 1 |
| ABEL | RC Villalbés B | 1 |
| SANTI | RC Villalbés B | 1 |
| DANI | RC Villalbés B | 1 |
| IVÁN | Residencia | 1 |
| CANCIO | Residencia | 1 |
| GARCÍA | Residencia | 1 |
| ALBERT | Viveiro C.F | 1 |
| BORJA | Viveiro C.F | 1 |
| CÁNOVAS | Viveiro C.F | 1 |
| MIGUI | RC Villalbés B | 1 |
| SANTI | Residencia | 1 |
| BUJÁN | RC Villalbés | 1 |
| LÓPEZ | RC Villalbés | 1 |
| – | – | – |
| – | – | – |

## Regularidade — XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| XOEL EIJO | Viveiro C.F | 26 |
| DIEGO | Viveiro C.F | 24 |
| GARCIA | Residencia | 22 |
| SANTI | RC Villalbés B | 21 |
| LÓPEZ | RC Villalbés | 20 |
| CONDE | Residencia | 20 |
| ANXO | RC Villalbés | 17 |
| DAVID | RC Villalbés | 16 |
| I. GESTO | RC Villalbés B | 16 |
| DANI | RC Villalbés B | 15 |
| XAIRO | RC Villalbés | 14 |
| MIGUEL | RC Villalbés B | 14 |
| GABRI | RC Villalbés | 13 |
| RARES | RC Villalbés | 13 |
| SPEEDY | RC Villalbés | 12 |
| GABRI | RC Villalbés B | 12 |
| CANCIO | Residencia | 11 |
| LÓPEZ | RC Villalbés B | 10 |
| NOEL | RC Villalbés B | 10 |
| DENIS | RC Villalbés B | 10 |
| GÓMEZ | Viveiro C.F | 10 |
| LIS | Residencia | 9 |
| D. IGLESIA | Residencia | 9 |
| ALBERT | Viveiro C.F | 8 |
| BUJÁN | RC Villalbés B | 7 |
| MARCO | RC Villalbés | 6 |
| ÁLEX | RC Villalbés B | 6 |
| JUAN | Viveiro C.F | 6 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 5 |
| JAVI | RC Villalbés B | 5 |
| YAGO | Residencia | 5 |
| ROI | Residencia | 5 |
| ANIDO | RC Villalbés | 4 |
| DAVID | Residencia | 4 |
| NOEL | Viveiro C.F | 4 |
| BOIXET | Viveiro C.F | 4 |
| BUJÁN | RC Villalbés | 3 |
| NICO | RC Villalbés | 3 |
| PEDRO | RC Villalbés B | 3 |
| DANI | RC Villalbés B | 3 |
| DANI | Residencia | 3 |
| ADRI | Residencia | 3 |
| FONSECA | Residencia | 3 |
| YOEL | Residencia | 3 |
| CRISTHIAN | Residencia | 3 |
| RICHARD | Viveiro C.F | 3 |
| ASIER | RC Villalbés | 2 |
| EDGAR | RC Villalbés | 2 |
| RAÚL | RC Villalbés B | 2 |
| DIEGO | RC Villalbés B | 2 |
| GABI | RC Villalbés B | 2 |
| CABADO | RC Villalbés B | 2 |
| JONI | Residencia | 2 |
| IVÁN | Residencia | 2 |
| REVUELTA | Residencia | 2 |
| TRASI | Viveiro C.F | 2 |
| IVÁN | Viveiro C.F | 2 |
| BORJA | Viveiro C.F | 2 |
| MIGUI | RC Villalbés B | 2 |
| ABEL | RC Villalbés | 1 |
| ÁNGEL | RC Villalbés | 1 |
| IVÁN RAÚL | RC Villalbés B | 1 |
| GOÁS | RC Villalbés B | 1 |
| ÁNGEL | Residencia | 1 |
| JORGE | Viveiro C.F | 1 |

## Pichichi — CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo B | 10 |
| LOMBA | CD Lugo | 6 |
| BORJA | CD Lugo | 6 |
| RAFA | Milagrosa | 6 |
| ADRIÁN | Viveiro CF | 6 |
| ANTÓN | CD Lugo B | 5 |
| PÉREZ | CD Lugo B | 5 |
| ROBER | CD Lugo B | 5 |
| BUIDE | CD Lugo B | 5 |
| FREIRE | CD Lugo | 4 |
| HUGO | CD Lugo | 4 |
| XOEL I. | CD Lugo | 4 |
| MIGUEL | RC Villalbés | 4 |
| ALESITO | CD Lugo | 3 |
| MANU | CD Lugo B | 3 |
